

Disposición transitoria primeira. *Réxime aplicable á minusvalidez pendente de compensar no imposto sobre a renda das persoas físicas, xerada entre un e dous anos.*

As perdas patrimoniais netas ás que se refire o artigo 38, alínea b), da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, correspondentes ó período impositivo 1999 que se encontren pendentes de compensación a 1 de xaneiro de 2000 e que se puxesen de manifesto con ocasión da transmisión de elementos patrimoniais adquiridos ou de melloras realizadas neles, con máis dun ano e ata dous anos de antelación á data de transmisión, continuarán compensándose de acordo co previsto no citado artigo 38, alínea b).

Disposición transitoria segunda. *Deduccións pendentes de aplicar procedentes dos artigos 29 bis e 30 bis da Lei do imposto sobre sociedades.*

As deduccións ás que se refiren os artigos 29 bis e 30 bis da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, pendentes de practicar trala finalización do período impositivo en curso á entrada en vigor deste real decreto lei, deduciranse nos períodos impositivos concluídos con posterioridade á dita data nas condicións e requisitos previstos neles.

Disposición transitoria terceira. *Adaptación ó novo réxime das entidades de posesión de valores estranxeiros.*

1. As entidades que á entrada en vigor deste real decreto lei teñan concedido o réxime das entidades de posesión de valores estranxeiros poderán renunciar a aplica-lo réxime do capítulo XIV do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, nos termos establecidos por este real decreto lei, comunicándollo ó Ministerio de Facenda antes de que finalice o primeiro período impositivo que conclúa despois da súa entrada en vigor.

2. A conversión en nominativos dos valores representativos das participacións no capital das entidades que á entrada en vigor deste real decreto lei teñan concedido o réxime das entidades de posesión de valores estranxeiros deberá realizarse dentro do primeiro período impositivo no que sexa de aplicación o novo réxime.

Disposición derogatoria primeira. *Derrogación dos artigos 29 bis e 30 bis da Lei do imposto sobre sociedades.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2001, quedan derogados os artigos 29 bis e 30 bis da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Non obstante, será de aplicación o previsto nos citados artigos para determina-la deducción sobre as rendas correspondentes a períodos impositivos iniciados antes da entrada en vigor do presente real decreto lei, mesmo que se obteña con posterioridade á dita data.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

11834 REAL DECRETO LEI 4/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de liberalización no sector inmobiliario e nos transportes. («BOE» 151, do 24-6-2000 e 154 do 28-6-2000.)

A evolución positiva da economía española, na que tiveron especial incidencia as medidas liberalizadoras acordadas polo Goberno, fai necesario seguir avanzando no proceso de liberalización para mante-lo ritmo de crecemento económico. Por outra parte, a interdependencia das economías, ó introducir certos elementos de comportamento imprevisible que poden repercutir desfavorablemente na evolución positiva producida ata agora na economía española, obriga tamén a adoptar certas medidas que eviten efectos indeseixables.

Por iso, este real decreto lei, no marco dun conxunto de medidas de natureza estrutural que con carácter de urxencia adopta o Goberno, co fin de evita-la aparición de desequilibrios macroeconómicos que ameacen a estabilidade e o proceso expansivo da nosa economía, céntranse, sen perde-la súa condición de medidas integrantes da política unitaria do Goberno, nos sectores da competencia do Ministerio de Fomento. O seu obxectivo fundamental é incidir de forma inmediata no comportamento dos distintos axentes económicos para estimula-la competencia, conseguir unha mellor asignación dos recursos e, en definitiva, influír positivamente sobre o nivel de prezos.

As medidas, polo tanto, que contén este real decreto lei proxéctanse sobre unha serie de sectores básicos da esfera de actuación do Ministerio de Fomento, como son o sector inmobiliario e o dos transportes, incluíndo a subministración de hidrocarburos ós buques nos portos para favorece-la competencia entre as empresas subministradoras.

Polo que respecta ó sector inmobiliario, as medidas que se adoptan pretenden corrixi-las rixideces advertidas no mercado como consecuencia do forte crecemento da demanda e a incidencia nos produtos inmobiliarios do prezo do solo, condicionada, pola súa vez, pola escaseza de solo urbanizable. En consecuencia, a reforma que se introduce haberá de incrementa-la oferta do solo ó eliminar aquelas previsións normativas en vigor que pola súa falta de flexibilidade a puidesen limitar, trasladando este efecto positivo ó prezo final dos bens inmobiliarios.

Por outra parte, e no que concirne tamén ó referido sector, o real decreto lei pretende clarifica-la situación actual do exercicio da actividade de intermediación inmobiliaria que se atopa afectada pola falta dunha xurisprudencia unánime que recoñeza que a dita actividade non está reservada a ningún colectivo singular de profesionais.

En relación co sector dos transportes, as medidas que contén este real decreto lei están chamadas a actuar sobre o réxime concesional dos servicios regulares de viaxeiros por estrada, reducindo os prazos das concesións, co fin de que a evolución da economía en xeral e do sector no seu conxunto repercutan con carácter inmediato na prestación do servizo. Esta redución de

prazos permitirá unha maior secuencia na adxudicación das concesións co conseguinte incremento da competencia.

Por outra parte, e na mesma liña de fomento da competencia, suprímese, no ámbito portuario, calquera obstáculo de carácter formal que lles poida supor unha restricción na subministración de produtos petrolíferos ós buques, coa positiva repercusión nos prezos que diso ha de derivarse.

O conxunto destas medidas ten o seu apoio constitucional no artigo 149.1.13.^a, que lle outorga ó Estado competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; no artigo 149.1.1.^a, que prevé a competencia estatal para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, en relación co artigo 33 da Constitución; no artigo 149.1.18.^a, sobre procedemento administrativo común, e na competencia estatal sobre os portos de interese xeral e sobre os transportes terrestres que transcurren polo territorio de máis dunha comunidade autónoma, a que se refire o artigo 149.1.20^a e 21^a. Na adopción destas medidas, que, como se indicou, se integran no conxunto máis amplo das que adopta o Goberno, concorren, por natureza e finalidade delas, a circunstancia de extraordinaria e urxente necesidade que esixe o artigo 86 da Constitución para a utilización do real decreto lei, requisito imprescindible como lembrou, por outra banda, a xurisprudencia constitucional.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 23 de xuño de 2000, e en uso da autorización concedida polo artigo 86 da Constitución, dispoño:

Artigo 1. *Modificación da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións.*

Un. O número 2 do artigo 9 queda redactado do seguinte xeito:

«Que o planeamento xeral considere necesario preservar polos valores a que se fixo referencia no punto anterior, polo seu valor agrícola, forestal, gandeiro ou polas súas riquezas naturais.»

Dous. Engádese un novo número 2 ó artigo 15, quedando o actual parágrafo único como número 1, de xeito que o citado artigo queda redactado como segue:

«1. Os propietarios do solo clasificado como urbanizable terán dereito a usar, gozar e dispor dos terreos da súa propiedade conforme a natureza rústica destes. Ademais, terán dereito a promover a súa transformación instando da Administración a aprobación do correspondente planeamento de desenvolvemento, de conformidade co que establece a lexislación urbanística.

2. A transformación do solo urbanizable poderá ser tamén promovida polas administracións públicas sexan ou non competentes para a aprobación do correspondente planeamento de desenvolvemento».

Tres. Engádese un novo número 1 e un novo número 3 ó artigo 16 coa seguinte redacción:

«1. O dereito a promover a transformación do solo urbanizable, mediante a presentación ante o Concello do correspondente planeamento de desenvolvemento para a súa tramitación e aprobación, poderase exercer desde o momento en que o planeamento xeral delimite os seus ámbitos ou se establezan as condicións para o seu desenvol-

vemento ou se proceda á súa delimitación ou á definición das condicións para o seu desenvolvemento en virtude dun proxecto de delimitación ou de planeamento formulado pola iniciativa privada.

3. En todo caso, os instrumentos de planeamento urbanístico de desenvolvemento que sexan elaborados polas administracións públicas ás que non competa a súa aprobación, ou polos particulares, quedarán aprobados definitivamente polo transcurso do prazo de seis meses, ou do que, se é o caso, se estableza como máximo pola lexislación autonómica para a súa aprobación definitiva, contados desde a súa presentación, sempre que se efectuase o trámite de información pública, que poderá efectuarse por iniciativa de quen promova o planeamento».

Artigo 2. *Modificación da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.*

O número 3 do artigo 72 queda redactado do xeito seguinte:

«3. A duración das concesións establecerase no título concesional, de acordo coas características e necesidades do servizo e atendendo ós prazos de amortización de vehículos e instalacións. A dita duración non poderá ser inferior a seis anos nin superior a quince. Cando finalice o prazo concesional sen que concluíse o procedemento tendente a determinar a subseguinte prestación do servizo, o concesionario prolongará a súa xestión ata a finalización do dito procedemento, sen que, en ningún caso, estea obrigado a continuar a dita xestión durante un prazo superior a doce meses.»

Artigo 3. *Condicións para o exercicio da actividade de intermediación inmobiliaria.*

As actividades enumeradas no artigo 1 do Decreto 3248/1969, do 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento dos colexios oficiais de axentes da propiedade inmobiliaria e mais da súa xunta xeral, poderán ser exercidas libremente sen necesidade de estar en posesión de título ningún nin de pertenza a ningún colexio oficial.

Artigo 4. *Modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.*

Engádese unha disposición adicional vixésimo primeira, co seguinte contido:

«As autoridades portuarias, de conformidade co disposto nesta lei, adxudicarán un número mínimo de instalacións de avituallamento de combustibles dentro do dominio público portuario, nos termos e de acordo cos criterios que regulamentariamente se determinen; os ditos criterios terán en conta, entre outras circunstancias, a intensidade do tráfico, o volume de operacións comerciais, a superficie ocupada por cada porto, a súa situación estratéxica, a distancia a outros portos, as condicións de seguridade, a incidencia das operacións de avituallamento de combustibles no tráfico de buques e, en xeral, as que poidan afectar a seguridade na subministración e o bo desenvolvemento do tráfico e das operacións portuarias.

En todo caso, as instalacións de avituallamento de combustibles deberán cumprir os requisitos técnicos esixibles, así como as condicións de seguridade para as persoas e as cousas, debendo o titular da concesión obter as licencias, permisos e autorizacións conforme a lexislación vixente.»

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, o Goberno desenvolverá regulamentariamente o establecido nesta disposición.

Disposición transitoria.

As concesións de liñas regulares de transporte de viaxeiros por estrada que, á entrada en vigor deste real decreto lei, non esgotasen o seu prazo de vixencia subsistirán ata o remate do prazo inicialmente concedido e o das prórrogas que fosen legalmente outorgadas.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Habílitase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciales.*

O artigo 1 dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a, 13.^a e 18.^a da Constitución.

O artigo 2 dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 21.^a da Constitución.

O artigo 3 dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 18.^a da Constitución.

O artigo 4 dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a e 20.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira.

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

(Este real decreto lei inclúese tendo en conta a corrección de erratas publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 154, de data 28 de xuño de 2000.)

11835 REAL DECRETO LEI 5/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de contención do gasto farmacéutico público e de racionalización do uso dos medicamentos. («BOE» 151, do 24-6-2000, e 154, do 28-6-2000.)

A protección social ante situacións de necesidade e, de maneira específica, o fortalecemento do Sistema Nacional de Saúde constitúen prioridades fundamentais na acción de Goberno. A evolución dos orzamentos sanitarios non é senón confirmación fidedigna da importancia cualitativa que foron adquirindo os ditos obxectivos.

Con todo, parece imprescindible que o esforzo orzamentario que se vén mantendo quede ordenado de

maneira que se alcancen máis adecuadamente os obxectivos xerais do Sistema Nacional de Saúde ó tempo que se vai incorporando a eles a cobertura de necesidades emerxentes, a cal ha de verse acompañada dun incremento apreciable nos niveis de calidade da atención dispensada.

Á hora de plasma-los obxectivos e actuacións sinaladas, preocupa en grande medida a considerable incidencia do gasto farmacéutico no gasto sanitario total. Por iso, co fin de lograr un mellor aproveitamento dos recursos existentes, deben adoptarse medidas urxentes orientadas tanto á contención do gasto farmacéutico público como á promoción do uso racional dos medicamentos. Dada a natureza e urxencia das ditas medidas convén non demora-la súa aplicación e, en consecuencia, promove-la súa inmediata posta en práctica de modo que poidan ser xa operativas na execución do orzamento vixente.

Nesa liña de actuación, resulta preciso revisar as marxes correspondentes ás oficinas de farmacia e ós almacéns farmacéuticos, así como adoptar outro tipo de medidas orientadas a fomentar o uso de medicamentos xenéricos e a actualizar a normativa reguladora da publicidade dos medicamentos de uso humano.

Por outra banda, no marco da política liberalizadora que o Goberno está a desenvolver, considérase imprescindible flexibilizar algúns aspectos relacionados coa dispensación de medicamentos a través de oficinas de farmacia e, en concreto, cos cualificados como publicitarios, para os que se introduce unha medida da que poden derivar vantaxes para os usuarios a través de reducións nos prezos destes produtos.

As distintas medidas consideradas están destinadas a propiciar avances na cobertura pública das necesidades sanitarias e constitúen un paso adiante para a mellor ordenación do sector.

Na adopción destas medidas, que se integran no conxunto máis amplo das que adopta o Goberno, concorren, pola natureza e finalidade delas, a circunstancia de extraordinaria e urxente necesidade que esixe o artigo 86 da Constitución para a utilización do real decreto lei, requisito imprescindible, como lembrou, por outra banda, a xurisprudencia constitucional.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade e Consumo, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2000, no uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución,

DISPONGO:

Artigo 1. *Prezo de venda ó público das especialidades farmacéuticas publicitarias.*

Engádese unha disposición adicional oitava á Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, co seguinte contido:

«Disposición adicional oitava.

O prezo fixado no envase das especialidades farmacéuticas publicitarias será considerado como prezo máximo de venda ó público. Regulamentariamente establecerase o desconto máximo aplicable polas oficinas de farmacia a estas especialidades.»

Artigo 2. *Marxe das oficinas de farmacia.*

Un. Modifícase o artigo 1 do Real decreto 165/1997, do 7 de febreiro, polo que se establecen as marxes correspondentes á dispensación ó público de especia-